

A MEMORIA DO MAR: O PATRIMONIO MARÍTIMO E OS FONDOS FOTOGRAFÍCOS FAMILIARES.

INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos téñense multiplicado as iniciativas relacionadas coa recuperación, conservación e socialización do Patrimonio Marítimo galego. Tanto organismos públicos como privados veñen contribuír na concienciación da importancia deste patrimonio para un país que non se entende sen a súa relación co mar. Podemos falar da paisaxe costeira, da actividade profesional vinculado ao mar, da arquitectura dos asentamentos marítimos, dos procesos de emigración marítima e de tantos outros aspectos relacionados co mar sen os que a historia, a configuración territorial, económica, social e cultural de Galiza non se entenderían. Esta continua relación co mar crea un rico e diverso legado patrimonial histórico e etnográfico que se sitúa no horizonte próximo como un campo estratéxico de desenvolvemento cultural, social e económico para as comunidades mariñeiras.

Se notamos o incremento no interese e no número de iniciativas vencelladas ao Patrimonio Marítimo, non se nos pode pasar que existe un elemento que se ten descoidado con certa sistematicidade nestas mesmas iniciativas: o patrimonio fotográfico marítimo das familias. De características particulares pola súa natureza e o seu tratamento, este patrimonio fotográfico vinculado ao mar non ten sido obxecto central e sistemático das iniciativas relacionadas coa Cultura do mar. O presente proxecto pretende abrir o camiño para a sistematización do patrimonio fotográfico marítimo galego conservado no seo das familias.

As fotografías son parte do noso patrimonio histórico máis íntimo e universal a un tempo. Cada casa ten gardadas no álbum ou nunha caixa fotografías persoais mais ou menos antigas que constitúen unha fonte de información inesgotábel. As fotografías non son só fotos, senón que as podemos tomar como narración que, postas unha tras da outra, nos contan con imaxes a nosa propia historia: os cambios nas vilas ou parroquias, o que en cada momento é digno de ser fotografábel ou as condicións económicas e sociais dos nosos devanceiros. Multitude de datos que pertencen á memoria colectiva

gardados na privacidade de cada casa. Eis a grande conflito do patrimonio fotográfico, elementos parte do ben común en canto patrimonio que é necesario conservar, catalogar e pór en valor que son custodiados de forma particular e considerados como ben privado.

O presente proxecto pretende centrar a súa atención neste patrimonio poucas veces tratado de xeito científico e raramente exhibido. Con todo, o proceso de recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio fotográfico como parte da nosa memoria histórica e etnográfica marítima debe de ser un traballo colectivo que xere, por si propio, dinámicas e sinerxías que contribúan ao mesmo proceso. É dende esta perspectiva que consideramos fundamental a coparticipación no proxecto de entidades asentadas nas comunidades de estudo e vinculadas ás actividades profesionais mariñeiras que fagan propio o proxecto e, xa que logo, contribúan á valorización deste tan importante como, por veces, esquecido patrimonio fotográfico. Así, o Museo do Mar de Galicia presenta este proxecto en parcería coa Federación Galega de Confrarías xunguindo unha institución centrada na Cultura Marítima cos verdadeiros protagonistas do mundo do mar.

Proxecto “Memoria do Mar”

Os fondos fotográficos familiares, como fontes de documentación visual, deben ser referentes nunha estratexia de recollida e salvagarda do patrimonio do mar en Galiza. O proxecto céntrase na información que as fotografías poden aportar para afondarmos no coñecemento da Cultura marítima galega. Interésanos, mais que o valor da fotografía como obxecto, o valor iconográfico das mesmas, o valor dos seus contidos. Pola outra banda, cada fotografía leva aparelada unha memoria oral, unha historia de vida que pode aportar vivencias, interpretacións dunha realidade que xustifican feitos obxectivos recollidos en traballos máis científicos. Esta memoria oral en casos se poderá ver complementada con material, bens mobles ou documentación que contribúen de xeito importante, e as veces imprescindible, a comprender o carácter etnográfico recollido na fotografía.

Por iso, non se contempla a adquisición das fotografías senón que consideramos a súa reprodución, por métodos dixitais, e **a creación dunha base de datos** que permita un acceso rápido e eficaz ás mesmas. De xeito simultáneo, contéplase un

traballo de recollida de información que posibilite a posterior análise do contexto da produción fotográfica.

OBXECTIVOS E ESQUEMA DO PROXECTO

Obxectivos

O proxecto ten por finalidade última achegar a poboación a memoria das comunidades piscatorias a traveso das fotografías dos seus arquivos persoais. Para acadar este obxectivo principal, o proxecto se marca os seguintes obxectivos específicos:

- Estandarizar a recolla de datos sobre patrimonio material fotográfico e inmaterial nas comunidades escollidas.
- Actualizar a información existente sobre o patrimonio material e inmaterial mediante a realización de enquisas in situ ao longo das comunidades escollidas da costa galega.
- Incentivar ás comunidades costeiras á colaboración e a concienciación da importancia do patrimonio marítimo galego.
- Catalogar, investigar e sintetizar os traballos de recolla.
- Fomentar a Sociedade da Información e o Coñecemento entre as comunidades mariñeiras.
- Achegar o coñecemento e a memoria contido no material recollido a poboación
- Adquisición de fondos para o Museo do Mar de Galicia.

Tarefas, Actividades e Ámbito de traballo:

Para o desenvolvemento deste proxecto entendemos que é preciso seleccionar varias zonas de actuación que sexan, polas súas características, entornos representativos do litoral galego. Interésanos focalizar o traballo de campo en espazos costeiros que presenten diferenciacións considerábeis no referido á súa actividade produtiva vinculada

ao mar e que abarquen toda a costa galega polo que establecemos os seguintes criterios de selección.

1. Xeográfico: O factor xeográfico debe ser un dos aspectos de identificación das zonas de traballo. En Galiza, a costa, como espazo xeográfico, presenta unha realidade diversa. Esta diversidade xeográfica condicionou tamén a adaptación e diversificación das actividades pesqueiras.
2. A existencia e organizacións profesionais vinculadas ao mar: Un proxecto destas características precisa establecer mecanismos de relación coas comunidades onde se vai traballar. Para tal fin, entendemos que os Pósitos como organizacións vertebradoras da actividade mariñeira van xogar o papel de doa entre os potenciais doantes e o proxecto e servir como portas de acceso ás comunidades de traballo.

A partir destas premisas se seleccionaron 25 localizacións no litoral galego: A Guarda, Baiona, Arcade, Moaña, Bueu, Portonovo, Illa de Arousa, Vilanova, Cambados, Rianxo, Aguiño-Carreira, Porto do Son, Muros, Lira, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Caión, Mugardos, O Vicedo, Celeiro, Burela, Foz e Ribadeo.

Para a realización do traballo se establecen 4 fases:

I) Planificación

Consistirá no deseño das enquisas, organización das visitas e tódolos protocolos que conleve o traballo de campo así como o tratamento informático da información a recoller. Para elo se establecerá unha reunión cos Patróns maiores das confrarías enriba indicadas onde se lles explicará o alcance do proxecto e as actividades previstas no mesmo, co gallo de incentivar á participación a través de diferentes medios (campana de comunicación ,agasallo con aquelas persoas que participen co proxecto). Tamén se deseñará o tipo de aplicación informática que permita o acceso á información mediante páxina web.

Actividades:

- a. Reunión de planificación xeral do proxecto.
- b. Reunións específicas para determinar os contidos das fichas de campo e bases de datos co gallo de garantir a accesibilidade mediante páxina web.
- c. Reunión cos Patróns Maiores das Confrarías

Achegas:

- a. Protocolo de enquisas.
- b. Protocolo para o desenvolvemento da base de datos.
- c. Protocolo para o desenvolvemento da páxina web.
- d. Campaña de comunicación dirixida as confrarías, incluíndo agasallo para as persoas que colaboren no proxecto.

II) Traballo de campo

Recollida do material fotográfico nas localización establecidas (vid. listado). En cada localidade establecerase un horario de recollida de fotografías en función das particularidades de cada caso en períodos dunha semana por localidade. O material será dun tratamento previo da información in situ que permitirá encher as fichas de campo, incluíndo unha primeira dixitalización en baixa resolución. Cada fotografía será asociada a unha ficha na que constarán diversos campos de identificación e contextualización. Entre outros campos, as fichas incluirán referencias ao autor, a data, a descrición técnica, a localización, o tema, e calquera outra información que permita reconstruír a historia do lugar ou familia.

Actividades:

- a. Enquisas de campo polas confrarías.
- b. Reunións regulares de análise do desenvolvemento do traballo.
- c. Desenvolvemento do portal web.

Achegas:

- a. Base de datos das fotografías.
- b. Primeira probas do portal de servizos que aloxará a información.

III) Análise da información

O material fotográfico recollido será obxecto dunha dixitalización a gran resolución. Xunto ca súa ficha o material fotográfico será analizado e clasificado, o que permitirá realizar unha escolla co gallo de determinar os obxectivos e motivacións para as exposicións que se levarán a cabo. A priori os criterios que se utilizarán serán os de contido iconográfico (artes de pesca, embarcacións, actividades mariñeiras, festividadeas relixiosas ou civís, edificacións e instalacións portuarias, artefactos mariñeiros, ámbitos de socialización, xénero, clase, etc.) e ámbito xeográfico.

Actividades:

- a. Dixitalización en alta resolución.
- b. Reunións de análise da información.
- c. Probas da aplicación web.

Achegas:

- a. Informes e avaliación do material aportado.

IV) Deseño e produción de exposicións

Unha vez analizado o material recollido este será organizado en polo menos tres grupos diferentes que darán pé a outras tantas propostas museísticas. O deseño museográfico das tres será semellante co gallo de darlle identidade corporativa. O deseño será tal que favoreza o traslado frecuente (pouco peso, facilidade de montaxe –mesmo exento-, e posibilidade de reposición rápida e económica) e a adaptabilidade a diferentes estancias e condicións de exhibición.

Actividades:

- a. Reunións de concreción das propostas museísticas.
- b. Reunións de concreción da proposta museográfica.
- c. Lanzamento da aplicación web.

Achegas:

- a. Aplicación web ca base de datos.
- b. Proxecto museístico.
- c. Proxecto museográfico.
- d. Exposicións.

